

Suplemento
realizado
en parceria
pola Mesa pola
Normalización
Lingüística
e por Serms
Galiza

Quinta feira,
12 de maio
de 2016
Número 8

A MESA POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

Son frecuentes as queixas e denuncias contra Facenda pola vulneración dos dereitos lingüísticos da cidadanía. >>>>> **5**

A Mesa explicou no Parlamento portugués a grave situación da lingua galega no seu territorio orixinario. >>>>> **6**

O galego, lingua plena e de pleno dereito

MANIFÉSTATE POLA LINGUA!

Terza feira (martes), 17 de maio de 2016 ás 12:00 h
Alameda de Santiago de Compostela



O idioma é a vida



O galego avanza grazas á sociedade galega

Editorial



Editorial

Todos os avances legais para o galego foron froito do esforzo da sociedade galega que sobrepasou sempre ao poder político na demanda de oficialidade real e plena igualdade xurídica.

O amplo consenso social a favor da lingua concreouse desde hai 30 anos, en moitos concellos como o de Lugo, en ordenanzas que pretendían dar ao noso idioma a igualdade e normalidade mínima para poder existir e que lle corresponde por ser a lingua de todas as galegas e galegos. Foron aprobadas por acordo amplo, unánime e aplicadas con grande acollida e sen problemas

Moitas están baseadas no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade polo Parlamento en 2004 tras un amplo proceso de participación social.

Á campaña de acoso á lingua que comezou en 2010 co decreto contra o galego no ensino, súmase agora o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza tentando frear pola vía xudicial o que o pobo galego conquistou pola vía política e democrática.

A sentenza do TSXG está baseada en prexuízos contra o galego que afirman que o noso idioma só pode ter presenza no textos legais se é baixo o amparo do castelán e en inferioridade de posibilidades de práctica e uso.

Elimina o artigo 1 que di que “o galego como lingua propia de Galiza, é idioma oficial do Excmo. Concello de Lugo” e que “as actuacións administrativas realizadas en galego no territorio municipal terán plena validez e eficacia.”

Elimina a rotulación en galego de oficinas, despachos, cabeceiras de impresos, selos... e a rede viaria

Elimina a utilización do galego polas empresas mentres traballen para o concello incluíndo rotulación e atención ao público, e nas actividades subvencionadas

Elimina a tramitación de expedientes en galego e a atención preferente na nosa lingua

Elimina a utilización do galego polos cargos electos mesmo se for xunta o castelán.

Elimina o galego como lingua da formación profesional do funcionariado do concello.

AS ORDENANZAS FORON APROBADAS POR ACORDO AMPLO, UNÁNIME E APLICADAS CON GRANDE ACOLLIDA E SEN PROBLEMAS

Para mellorarmos a calidade da nosa lingua

Perífrases verbais

Xosé Ramón Freixeiro Mato


A modo de compensación polo reducido número de tempos verbais, o galego posúe un rico sistema de perífrases verbais. É sabido que non ten tempos compostos co verbo haber, mais tamén non existen tempos compostos con *ter* + participio equivalentes aos tempos simples, de forma que non debemos substituír automaticamente estes por aqueles (*teño ouvido* non é sempre equivalente a *ouvin*); alén da expresión de perfectividade, esa perífrase *ter* + participio adquire en moitas ocasións un matiz reiterativo ou terminativo que o pretérito non ten. Por outro lado, o verbo *ter* seguido de participio só constitúe verdadeira perífrase se o primeiro se achar completamente gramaticalizado como verbo auxiliar e o segundo estiver inmovilizado en masculino singular, en cuxo caso á expresión de perfectividade se acrecenta o valor aspectual reiterativo (*Eu tiña ouvido o conto varias veces*). Tal valor perfectivo-reiterativo é constante co auxiliar *ter* en presente do indicativo (*Ben cho teño dito cando eras novo*); se o verbo auxiliar vai en infinitivo principalmente, ou tamén en futuro, pospretérito, copretérito ou pretérito do subxuntivo, o valor da perífrase pode ficar en puramente perfectivo (*Xa debías ter falado con ela antes*).


Dentro das perífrases especificamente reiterativas, en contra da tendencia crecente á utilización de *volver* (*a*) + infinitivo como prototípica, acho que se debería dar preferencia a *voltar a* + infinitivo, pois é a que, sendo plenamente galega, mellor reforza a autenticidade do idioma e a súa incardinación no sistema lingüístico propio (*Voltou a facer o mesmo*); a meu ver, en todos os casos o uso de *voltar* debería priorizarse sobre *volver*. Igualmente válida é tornar *a* + infinitivo, coa preservación tamén da preposición *a* como elemento de enlace, como nos atesta a nosa lingua

literaria máis clásica (*sen querer torno a chorar*); e outras como *botar(se) a* + infinitivo, *pór(se) a* + infinitivo ou *romper a* + infinitivo en contextos menos formais.

A perífrase modal obrigativa *ter de* + infinitivo hoxe é xeralmente substituída por *ter que* + infinitivo, con que partilla os valores, mais o seu uso foi moi alto en tempos pasados, pois así nolo demostra a presenza frecuente en textos decimonónicos de extracción popular. Como a obrigatoriedade se proxecta necesariamente cara ao futuro, a perífrase pode acabar por ter principalmente valor prospectivo (*Bóveda terá de ser a bandeira da nosa redención*). A sobrevivencia na lingua literaria, unida ao seu vigor en épocas pasadas e á continuidade de uso nas outras variantes do noso sistema lingüístico, parece aconsellar a súa revitalización e potenciación cando menos no modelo culto de lingua. Ao mesmo tempo, aínda que como perífrases modais obrigativas e hipotéticas se costumaban usar tanto *deber* + infinitivo como *deber de* + infinitivo, torna máis aconsellábel utilizarmos a primeira como obrigativa (*Debes estudar máis*) e a segunda como hipotética (*Deben de ser as doce*).

Xosé Ramón Freixeiro Mato é catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña. As súas principais liñas de investigación son a gramática galega e a lingüística textual, a lingua literaria e a estilística, e a historia externa da lingua, a sociolingüística e a calidade lingüística.





**A CORRECTA UTILIZACIÓN
DAS PERÍFRASES CONTRIBÚE
PARA UN GALEGO DE
CALIDADE E CON FUTURO**

Por último, sorprende unha tendencia bastante estendida, nomeadamente na lingua literaria actual, a prescindir do elemento preposicional de enlace entre dúas formas verbais, ben formen perífrase ou ben se trate dun complexo verbal, fenómeno talvez debido á autocorrección a partir da consciencia de en galego se deber evitar a presenza castellanizante da preposición *a* entre o verbo *ir* e un infinitivo (*Vou cantar* e non **Vou a cantar*). Eis só uns exemplos tirados de textos literarios publicados hai poucos anos: “comezou soar a mesma melodía”, “sen atreverse o marcar”, “Moumeou que marchaba durmir”, “volveu camiñando buscar o coche...”, “Valverde volveuse miralo”, “mesmo se chegou dicir que tiña”, “subín tocar un pouco”. Tal tendencia a prescindir da preposición en casos requiridos pola gramática, uns máis discutíbeis do que outros, parece camiñar nunha dirección equivocada. Non teñamos medo, pois, ao uso de *a* entre dúas formas verbais cando for preciso.

En conclusión, a correcta utilización da perífrase *ter* + participio, a potenciación de *voltar a* + infinitivo e de *ter de* + infinitivo, e a diferenciación entre *deber* + infinitivo e *deber de* + infinitivo, ben como o uso da preposición *a* como elemento de enlace nas perífrases que así o exixiren (*comezou a soar*, *chegou a dicir*), son trazos que contribúen para un galego de calidade e con futuro.

A Mesa elabora unha aplicación para avanzar no dereito a vivir en galego

Consultorio da liña do galego

A Mesa pola Normalización Lingüística crea unha aplicación para teléfonos móbiles que permite o envío sinxelo de queixas e parabéns polo uso do galego dentro do proxecto da Liña do Galego.

A Liña do Galego é un servizo gratuito ofrecido pola Mesa pola Normalización Lingüística dirixido a toda a poboación que desde o ano 2007 atende consultas sobre dereitos lingüísticos e tramita queixas cara ás institucións, empresas etc, que os vulneran; así como parabéns para quen dea pasos cara a garantir o dereito a vivir en galego.

Cando unha persoa chama ou escribe, ábrese un expediente na base de datos ao que se lle asigna unha numeración para lle poder facer o seguimento. A Liña do Galego garante a completa confidencialidade das persoas que a utilicen, mais en ningún caso tramita queixas anónimas.

Con todas as queixas, consultas e parabéns da Liña do Galego realízase un informe anual, que serve tanto de diagnóstico da situación como para propor medidas de mellora para o ano seguinte. As queixas presentadas neste informe son unha mínima parte das discriminacións e vulneracións de dereitos que acontecen todos os días e que en moitos dos ámbitos sinalados son sistemáticas.

O obxectivo desta aplicación é proporcionar aos usuarios/as unha nova forma de comunicación coa Liña do galego, que permita o envío de queixas e parabéns dunha forma sinxela, rápida, segura e có-

moda. Unha ferramenta destinada a persoas que fan a elección de vivir en galego. Para persoas que queren atopar o galego en calquera lugar, que sosteñen o desexo de vivir en galego e que queren mostrar a as dificultades para avanzar.

Para o envío de queixas e parabéns hai que cubrir un formulario co título, localización, data, información e ademais pode achegarse unha imaxe. Se non respectan o dereito de empregar o galego, usamos a queixa. Se respectan os dereitos lingüísticos e teñen unha conduta exemplar, usamos os parabéns. Outras persoas poden ver as noticias e compartilas socialmente. As reclamacións e mensaxes son procesadas de forma confidencial, sen os seus datos para o público.

Moitas e moitos galegofalantes continúan a considerar normal a exclusión do seu idioma e iso é algo que queremos axudar a mudar, porque cando a poboación non é consciente dos seus dereitos, existe un déficit democrático, que cómpre corrixir.

A idea de que hai dereitos lingüísticos en Galiza, tanto individuais como colectivos, non está asentada, canto máis nos territorios onde nin sequera teñen recoñecemento legal

estes dereitos. Coa aplicación da Liña do Galego quérese fortalecer o obxectivo de dar cobertura e amparo ás persoas ás que se lles impide desenvolver a súa vida na lingua propia do país.

Baixa a aplicación, activa os teus dereitos!!



O consultorio da liña do galego atende consultas sobre dereitos lingüísticos e tramita queixas cara ás institucións, empresas etc, que os vulneran; así como parabéns para quen dea pasos cara a garantir o dereito a vivir en galego.

Interese polo galego en Córsega

O colectivo **Parlemu corsu!** organizou en marzo unhas xornadas sobre a cooficialidade en Cataluña e Galiza. No acto estivo presente A Mesa pola Normalización Lingüística para falar do caso galego.

O colectivo **Parlemu corsu!** organizou unhas xornadas para intercambiar experiencias e principios sobre a cooficialidade en Córsega. Responsábeis políticos, culturais e educativos da illa quixeron coñecer de primeira man que supuxo a cooficialidade do catalán en Cataluña e do galego en Galiza. Para falar do caso galego estivo presente A Mesa pola Normalización Lingüística.

É coñecido que Francia é, xunto con Grecia, un dos estados europeos aos cales máis lle custa recoñecer a diversidade lingüística do seu territorio. O Estado francés aínda ten pendente de ratificar a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias -un tratado internacional en forma de convención para o recoñecemento e a defensa das linguas europeas que ten máis de 20 anos-, posto que o 2015 o Senado francés votou en contra dun proxecto de lei presentado polo goberno socialista de François Hollande, no cal se quería modificar a Constitución francesa para permitir expresamente a ratificación da Carta.

Nos últimos anos véñense de

producir en Córsega feitos ata agora impensábeis. No 2013 a Asemblea de Córsega (con 46 escanos a favor de 51, que incluían os nacionalistas corsos pero tamén deputados de obediencia francesa) pediu que se cambiase o status da illa. Entre as demandas, ademais de aumentar a exígua autonomía estaba presente a cooficialidade do corso, a cal foi aprobada ese mesmo ano con 36 votos a favor.

Porén, é a Asemblea Nacional francesa quen ten que outorgar a cooficialidade efectiva definitiva. Sen esta aprobación, a decisión da Asemblea Corsa é letra morta. Como noutros puntos de Europa, esta oficialidade tíñase que facer efectiva basicamente na administración e na escola.

Nestes momentos, a vitoria da coalición formada por autonomistas e independentistas nas eleccións corsas de decembro de 2015 parece divisar un novo impulso a estas velas loitas do pobo e sitúa ademais, nun novo contexto de revisión da organización territorial francesa.

É neste contexto político en que o colectivo **Parlemu corsu!** organizou o 5 de marzo en Bastia un debate público, ao cal asistiron unhas 200 persoas na que se analizou a cooficialidade do catalán en Cataluña e do galego en Galiza.

En primeiro lugar, entrevistou Marcos Maceira, en nome da Mesa pola Normalización. Na súa intervención expuxo a situación do galego desde a aprobación da Lei de normalización lingüística en 1983 até a actualidade e o incumprimento por parte das institucións da norma e da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias.

Posteriormente, Pere Mayans, en nome do CIEMEN (Centro Internacional Escarré para as Minorías Ét-

Sabbatu u 5 di marzu a CUUFFICIALITÀ : sperienze paragnate

BASTIA
Museu di Bastia (sala di l'Auditoriu)
3 ore è mezu u dopu mezzornu



L'esempiu di a GALIZIA

incù Marcos MACEIRA,

Presidente di A Mesa, polu di Nurmalizazione Linguistica

+ «Une langue, un pays» (inchiesta di François TORTOS, in Mediterraneo, Via Stella)



L'esempiu di a CATALOGNA

incù Pere MAYANS BALCELLS,

Capu di serviziu incaricatu di l'Immersione è di l'Accolta Linguistica ;
Dipartimentu di l'Insignamentu ; Generalità di a Catalogna

A brama CORSA

« A Cuufficialità, una necessità pè a Lingua Corsa »

incù Alanu Di Meglio

Vice Presidente di l'Università di Corsica, incaricatu di a Lingua Corsa

Organizatu da

**PARLEMU
CORSU!**

Cullettivu pè
una sucetà bilingua

nicas e Nacións), o cal expuxo cales foron os eixos da política lingüística de Cataluña respecto da aprobación da oficialidade do catalán e o posterior despregamento normativo que esta situación xurídica permitiu: lingua preferente á administración catalá, medios de comunicación cataláns de titularidade pública, toponimia e ensino non universitario... Tamén destacou as dificultades e novos retos aos cales se enfronta actualmente a lingua. Tratábase, por tanto, dun exemplo de como cando

hai un poder político favorábel, é posible traballar para un futuro para a lingua, a pesar de que nin sequera é fácil para unha lingua con 10 millóns de falantes como é o catalán.

Finalmente, Alanu Dei Meglio, vicepresidente da Universidade de Córsega, encargado da lingua corsa, e Romain Colonna, autor do libro *Cuufficialità: 50 argumete in giru à a ricunniscenza dei un corsu*, expuxeron a imperiosa necesidade de declarar o corso lingua cooficial de Córsega.

Cartaz das xornadas sobre cooficialidade que organizou Parlemu corsu!



A Mesa lémbrale a Facenda que o galego é unha lingua oficial

A Mesa denuncia como, máis unha vez, a Axencia Tributaria obstaculiza o dereito da cidadanía a facer a declaración da renda en galego. O programa PADRE non estivo dispoñíbel en galego até maio.

Cando xa levamos parte da campaña da declaración da renda de 2015, A Mesa pola Normalización Lingüística denuncia como, máis unha vez, a Axencia Tributaria obstaculiza o dereito da cidadanía a facer a declaración da renda en galego. O programa PADRE que a Axencia Tributaria pon á disposición dos cidadáns na súa páxina web non contempla a opción de utilizar a lingua propia e oficial de Galiza.

A Mesa asegura que son frecuentes as queixas e denuncias contra esta administración pola vulneración dos dereitos lingüísticos da cidadanía. É numerosa a lexislación que reitera a oficialidade do galego, como lingua propia de Galiza, e ampara o seu uso nos trámites administrativos.

Ademais a lexislación non só establece o dereito dos cidadáns a se dirixir en galego a todas as administracións radicadas en Galiza, sexan locais, autonómicas ou estatais, senón que sinala a obriga destas a respectar a lingua oficial do contribuínte e dirixirse a el en galego, tanto de forma oral como escrita, cando o solicite. Do mesmo xeito temos dereito a exixirmos que calquera procedemento administrativo dunha administración pública con sede en Galiza que afecte os nosos intereses se tramite na nosa lingua.

Por outra banda, segundo o art. 5.1 do Real decreto 1465/99, o material

impreso e os formularios da Axencia Tributaria en Galiza han de estar dispoñíbeis en galego ou en bilingüe, como os de calquera órgano da administración xeral do Estado con sede en Galiza.

Cando estamos a facer as xestións non nunha sede física senón ante unha sede electrónica débese aplicar o disposto na Lei 11/2007 do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos cuxa disposición adicional sexta, relativa ao uso de linguas oficiais, establece:

“1. Garantirase o uso das linguas oficiais do Estado nas relacións por medios electrónicos dos cidadáns coas administracións públicas, nos termos previstos na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas (...).

2. Para estes efectos, as sedes electrónicas cuxo titular teña competencia sobre territorios con réxime de cooficialidade lingüística posibilitarán o acceso aos seus contidos e servizos nas linguas correspondentes.”

Reparemos en que a lei indica que estas páxinas deben facilitar o acceso “aos seus contidos e servizos”, isto im-

plica que non abonda con ter simplemente unha páxina de benvinda en galego para despois obrigarche a facer os trámites en español, como acontece na maioría dos casos.

A experiencia demostranos que na práctica esta lexislación que recoñece os nosos dereitos lingüísticos se incumpre cada vez máis na Administración xeral do Estado.

Por iso é importante que todas e todos denunciemos calquera traba para usarmos con normalidade o galego, que fiquen constancia oficial destas vulneracións é imprescindible para podermos demostrar que estas regresións que pretenden reducir a oficialidade do galego a papel mollado son reais, e desmontarmos a escusa habitual de que os problemas se deben a “casos puntuais e aillados”.

Porén, o caso de Facenda mostra claramente como a belixerancia contra o galego resulta absolutamente impune, sen que actúe ningunha administración para corrixilo, nin sequera a Xunta de Galiza a través da Secretaria Xeral de Política Lingüística que ten a obriga legal de velar polo cumprimento da lexislación que ampara o galego.

A MESA ASEGURA QUE SON FRECUENTES AS QUEIXAS E DENUNCIAS CONTRA ESTA ADMINISTRACIÓN POLA VULNERACIÓN DOS DEREITOS LINGÜÍSTICOS DA CIDADANÍA

A Mesa expuxo a situación do galego na Assembleia da República de Portugal



O 19 de abril A Mesa participou na audiencia da comisión de cultura e educación do Parlamento portugués sobre a situación do galego. Presentou un informe cos incumprimentos por parte do Estado español e a Xunta de Galiza da lexislación internacional e propia.

A secretaria xeral da Mesa pola Normalización Lingüística, Susana Méndez, participou o 19 de abril na audiencia da comisión de cultura e educación do Parlamento portugués sobre a situación do galego convida polo colectivo Galiza Solidária.

Nesta audiencia A Mesa presentou o informe sobre a situación do galego que xa presentara na Comisión de dereitos humanos da ONU e entregara ao Comité de expertos sobre a Carta Europea das Linguas en 2015.

O informe analiza os incumprimentos por parte do Estado español

e da Xunta de Galiza da lexislación internacional e propia sobre a lingua galega en ámbitos como a xustiza, a educación, a administración pública, a saúde, ou os medios de comunicación. Entre as principais denuncias está o mal chamado decreto de plurilingüismo. Incorporóuselle tamén a recente sentenza do TSXG contra a ordenanza de uso do galego en Lugo.

Ademais de presentar o informe a Mesa entregou ás deputadas e deputados membros da comisión e pertencentes a todos os partidos con representación na cámara portuguesa, o relatorio coas principais

denuncias dos últimos anos e o informe da Liña do Galego, que a Mesa elaborou partindo das denuncias que recibiu no 2015 neste servizo de queixas e parabéns que ofrece gratuitamente.

Xunto co informe, expuxo as seis medidas urxentes que A Mesa pola Normalización Lingüística propuxo o ano pasado entre as que se contempla a reciprocidade na recepción das emisións da RTVG e a RTP

Coa presenza na Assembleia da República, A Mesa pretende facer chegar ao país veciño co que Galiza está tan vinculada tamén na lingua, as dificultades existentes no país

A Policía négase a atender a quen utilice o “dialecto” galego

A Mesa pola Normalización Lingüística denunciou un caso grave de vulneración de dereitos lingüísticos por parte da Policía Nacional.

Unha cidadá solicitou información de maneira telemática á Policía sobre o documento de identidade electrónico e esta é a resposta que recibiu: “Perdone la indiscrecion pero si es posible que me exponga su problema en castellano para poder darle una solución a su incidencia, ya que no entendemos su dialecto”.

Desde a Mesa pola Normalización Lingüística enviouse unha queixa á Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL), á valedora do Pobo, ao Ministerio do Interior e á propia Policía española.

A Mesa tamén pediu o cesamento do ministro e dos responsábeis pois é moi grave que non se lle dea a atención debida ás cidadás e cidadáns que falan en galego. Esta situación demostra un desprezo cara ao galego que é unha lingua oficial.

Neste caso prodúcese un caso grave de vulneración de dereitos lingüísticos ao que hai que engadir que na tramitación do expediente administrativo para obter o carné de identidade non se garante o uso do galego posto que aínda que o documento final se expida en galego e español o “sobre cego” que expiden está unicamente en castelán e non dispoñen de modelos en galego. Esta situación tamén xa foi denunciada ante a Policía Nacional para que garanta a atención en galego. Ademais a base de datos da to-



[VJM]

Buenos días:

Perdone la indiscrecion pero si es posible que me exponga su problema en castellano para poder darle una solución a su incidencia, ya que no entendemos su dialecto.

Un cordial saludo.

É MOI GRAVE QUE NON SE LLE DEA A ATENCIÓN DEBIDA ÁS CIDADÁS E CIDADÁNS QUE FALAN EN GALEGO

naSAC.png

Soporte Servicio de Atención al Ciudadano

soporte.sacdni@policia.es



ponimia que emprega o programa informático de renovación e expedición do documento de identidade de está deturpada e contén nomes

acastropados. Todo isto é mostra de que o galego non é considerado lingua oficial por parte da Policía Nacional.

Resposta telemática da Policía.



para vivir na lingua propia, limitacións gravísimas para a normalización da lingua galega.

No ano 2010 a UNESCO deixou de considerar o galego como lingua en perigo no seu Atlas, por formar parte do sistema lingüístico galego-portugués, aínda recoñecendo a grave situación da lingua galega e os seus falantes no seu territorio orixinario.

Esta cuestión foi colocada pola Mesa no Parlamento portugués para que inste o Estado español e a Xunta de Galiza a cumprir a legislación internacional en materia lingüística.

Queremos Galego apela á mobilización social para frear a nova ofensiva contra o galego

Desde o 2004 lévanse aprobando accións favorábeis ao galego como o Plan xeral de normalización da lingua galega con absoluta unanimidade social e política, mesmo ratificados en xullo de 2015 na Declaración de unidade impulsada pola Mesa pola Normalización, ou como no caso dos concellos se veñen aprobando, tamén por unanimidade, ordenanzas como a de Lugo, sen ningún problema máis que o dunha minoría “que non atura nin sequera a existencia do galego”.

Para Queremos Galego, no 2010 comezou unha campaña contra os avances favorábeis ao galego conseguidos sempre pola mobilización e a acción da sociedade. “Comezaron contra o galego no ensino e hoxe, coa participación directa do poder xudicial, atacan o uso do galego nas administracións públicas e servizos privatizados”.

Sen ir máis lonxe, a sentenza do TSXG elimina o galego como lingua propia e oficial de Lugo, por non estar subordinada ao castelán e vir definida como lingua plena e de pleno dereito; elimina a rotulación en galego de oficinas e despachos, a sinalización viaria, a atención preferente en galego, o dereito a sermos atendidos e informados en galego en servizos privatizados, o carácter normalizador das axudas e subvencións, ou cousas tan evidentes como a existencia dun ámbito lingüístico galego.

O que está a facer o TSXG é romper os acordos promovidos pola sociedade e concretados unánimemente polas forzas políticas. Un ataque gravísimo diante do que cómpre actuar: modificando a lexislación para evitar interpretacións contrarias ao acordo, máxime cando existen neste momento 500 disposicións legais que amparan e mesmo obrigan ao uso do castelán cando non chegan á decena as que amparan o uso do galego, que ademais non se cum-



pren ou son obxecto de ataque por determinados sectores extremistas como neste caso.

Para a Plataforma cidadá Queremos Galego diante deste ataque cómpre un posicionamento claro e activo do goberno da Xunta. “Estaría disposto o presidente Feixó a que de agora en diante unha sentenza ditase que a Xunta ten que ser La Junta, as Consellerías, Consejerías, ou que a SX de política Lingüística fose Secretaria General e ademais tivese que engadir que tamén actúa para defender o español?”

A responsabilidade de Feixó neste caso é maior “porque el abriu a veda contra o galego en 2010 co decretazo e agora debe pechala se realmente está comprometido cos acordos”.

A gravidade da sentenza fai que non sexa un tema local senón nacional que pode afectar a moitos concellos que están traballando en

ordenanzas a favor do galego aínda que sexa de maneira moi precaria vista a inferioridade de condicións. “Promover o galego tamén é lexistar, non é reducir o galego a actos folclóricos e rituais”.

O QUE ESTÁ A FACER O TSXG É ROMPER OS ACORDOS PROMOVIDOS POLA SOCIEDADE E CONCRETADOS UNANIMEMENTE POLAS FORZAS POLÍTICAS

unánimes conquistados pola sociedade galega.

Segundo sinalou o portavoz de Queremos Galego e presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, estase buscando romper por vía xudicial todos os acordos a favor da lingua galega conseguidos grazas á

presión da sociedade”.

Mostra destes acordos é a unanimidade de todos os partidos da corporación municipal de Lugo a favor da ordenanza, ou a ratificación impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística do acordado no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega por todos os partidos o pasado 15 de xullo.

Tras a convocatoria de Lugo, Queremos Galego voltouse a manifestar o 14 de abril diante da sede do TSXG na Praza de Galiza da Coruña contra unha sentenza que, segundo indicou o portavoz da plataforma cidadá, “ataca o uso do galego na administración municipal e nos servizos básicos privatizados” e “é un intento de provocar por vía xudicial o retroceso en dereitos lingüísticos que a sociedade galega está a impedir na vía política”.

Estas convocatorias están acompañadas dunha campaña que terá como acto central a manifestación nacional convocada para o 17 de maio en Santiago baixo o lema “O idioma é a vida”.

Concentración de Queremos Galego diante da sede do TSXG o 14 de abril de 2016.